

Estudo de cretinismo

Volve Quim Monzó logo de seis anos sen contos



O escritor catalán Quim Monzó. // Z. Ero

Por fin, despois de seis anos de silencio literario, chega unha nova entrega de contos de Quim Monzó que abunda na súa visión cáustica da existencia cuberta por unha capa de humor de trazas ben escuras. Os anos de silencio, aínda que recheos doutras actividades como as súas constantes colaboracións en prensa, xa nos deixaran varados nun último libro, *El millor dels mons*, presidido pola ironía do título e unha presentación devastadora da realidade a través duns relatos que insistían nun núcleo temático: a soidade das parellas e os conflitos familiares.

Mil cretins presenta dezanove contos organizados en dúas partes: na primeira sete e na segunda os doce restantes. O motivo máis evidente desta separación parece unha cuestión puramente formal, pois os primeiros son un conxunto de relatos máis longos. Pero tamén podería considerarse un motivo conceptual, pois estes parecen xirar á volta da reflexión sobre o absurdo da existencia e das ridículas obsesións coas que se van enchendo as vidas dos individuos, mentres que os contos da segunda parte xogan con motivos máis puntuais, pequenas anécdotas nas que a evidencia do paradoxal e o detallismo na exposición e análise de cada movemento conduce a unha concentración simbólica que redunde, de novo, na representación da existencia mesma como una colección de actos e actitudes abondo miserables.

Na presentación deste libro Monzó asumiu a esencia autobiográfica destes contos, e máis de toda a súa obra, no senso de que a súa escrita xorde motivada polas súas angustias e as súas obsesións persoais. Certamente estas obsesións afloran outra volta neste novo libro e unha das máis recorrentes é a incomunicación e o convencionalismo das relacións familiares. Pero aínda dentro dos temas de sempre o autor mantén intacta a súa capacidade de sorprendernos, sexa a través da esaxeración paródica, que converte un encontro familiar nun ritual baleiro en “La plenitud del estiu”, sexa pola sutil insinuación dalgún negro fondo que contradí a banalidade do decorrer cotián, como en “La forquilla”, ou o aumento gradual da intensidade dos sentimentos de frustración e soidade de “Qualsevol temps passat”.

A ollada esmagadora que pasea polas relacións de parella tamén nos leva da tenue decepción e o desencanto en “Una altra nit” ao xogo de aparencias de “Enllà de la nafra” ou de “L’amor es etern” e á exasperación que provoca a manía da protagonista de “Per molts anys”, que lle regala sempre á súa parella roupa que só lle gusta a ela convencida de que así algún día acabará por poñela. Pero o cumio desta visión aceda está desenvolvido máis ampla e intensamente no arrepiante “Dissabte”, coa detallada e obxectiva descripción dos movementos dunha muller que se vai desfecendo de todo o que lle lembra e todo o que ten relación co seu marido.

Outra obsesión é a relación coa literatura, que se recrea tamén en “La lloança”, “Trenta línies”, “Un'altra nit” e “Enllà de la nafra”. Ou a irreverente reescritura da tradición, que aquí lle leva a dar outra versión da anunciación á Virxe en “La sang del mes que ve” e do bico do príncipe á bela durminte en “Una nit”. E o gusto polas situacións absurdas e subreais, que tingue dalgún xeito moitos dos contos, domina en “Miro por la finestra” e “Dos somnis”.

Con todo, o que máis se vén destacando na repercusión mediática da obra é o tratamento do tema da vellez e o escenario das residencias de anciáns que aparece nos dous contos que enmarcan a primeira parte. A navalla narrativa de Monzó non deixa tampouco aquí espazo a ningunha ilusión de harmonía ou benestar, nin tan só de dignidade.

O discurso directo, de lograda espontaneidade, que constitúe a marca de estilo do autor, arrástranos polas historias arrincándonos sorrisos irónicos e unha dor de corazón que o lector non ha esquecer. Só nos queda esperar o regalo dunha rápida tradución ao galego.

//María Xesús Lama

Mil cretins ·
Quim Monzó ·
Quaderns
Crema, 2007 ·
174 páx · 11 euros

